

SAN
MARTIÑO
DE XUVIA



SAN
MARTIÑO
DE XUVIA
N A R Ó N



San Martiño

Un mosteiro é á vez un edificio e unha institución. Ambas facetas teñen unha historia propia aínda que, loxicamente, paralela. Sen embargo o edificio que albergaba a congregación relixiosa chegou ata nós mentres que a institución, máis antiga ca este, desapareceu. A historia da congregación relixiosa empeza no século IX baixo a influencia da monarquía asturiana e remata

no XIX coa desamortización e exclaustración promovida polo novo réxime liberal. Nesta historia milenaria o feito máis importante será a súa incorporación á orde de Cluny no século XII, posto que isto marcará tanto o seu momento de máximo desenvolvemento como a súa posterior decadencia. Nesta orde permanecerá ata o século XVI no que pasará á orde beneditina e á dependencia

como priorado da abadía de San Salvador de Lourenzá. A súa incorporación á orde cluniacense dependeu de complicadas intrigas entre os nobres protectores do mosteiro, os condes de Traba, a Igrexa, especialmente o arcebispo de Santiago e a monarquía. A súa decadencia, a partir do século XIII, será lenta e relaciónase coa perda do favor dos nobres que antes o arrequicían con doazóns

e tamén da propia orde de Cluny. Unha característica especial do mosteiro de San Martiño era a de ser dúplice, ou sexa mixto. Ata o século XII convivían monxes e monxas no mesmo edificio, pero nese século o pontificado prohibiu esa convivencia, así que foi construído un novo edificio para as monxas, que ocuparon ata que no século XVI se mudaron ao mosteiro



santiagoés de Antealtares. En cuanto á edificación que se conserva hai que dicir que a lenta decadencia da congregación relixiosa determinou tanto a conservación do fermoso templo románico que coñecemos como a práctica desaparición dos demais edificios característicos da vida monástica. A igrexa foi construída no século XII aínda que algúns

autores falan de restos dun edificio prerrománico. Ten planta basilical dividida en tres naves, a cabeceira está composta de tres ábsidas semicirculares. As ábsidas están abovedadas, sendo a cuberta do resto do edificio de madeira, con tellado a dúas augas. As naves están divididas por piares con columnas pegadas. Polo tanto, podemos falar dunha igrexa románica de características

semellantes a moitas outras vinculadas ao camiño de Santiago. Con posterioridade ao século XII sufriu algunhas modificacións, sendo a máis importante a de terse engadido, no século XVIII, a fachada actual e a torre do campanario. Ademais do valor arquitectónico, o edificio contén unha importante riqueza escultórica nos capiteis

do interior do templo, nos caneiros do exterior, tanto no muro norte como nas ábsidas, sendo estes últimos de maior interese pola súa riqueza iconográfica e antigüidade, e no conxunto funerario do cabaleiro Rodrigo Esquío situado nunha nave lateral, aínda que orixinalmente se encontrase na capela de San Miguel, pegada á igrexa e derrubada a principios do século XX.